

Bos días chic@s:

Como vai todo? Imaxino que os días estánsevos facendo longos....creo que estamos todos na mesma situación pero aínda non sabemos cando poderemos voltar ao cole. O importante é saber que estamos ben aínda que nos toque quedar na casa un pouquiño máis.

Por eso mesmo, imos seguir avanzando un pouquiño e para iso mándovos novas tarefas para facer. Como veredes neste trimestre, que xa estamos no terceiro aínda que non o pareza, temos algunha novidade. Xa sabedes que nas tarefas que levaschedes ao marchar do cole había algún traballo para entregar (que por suposto recollerei cando volvamos) pero neste trimestre quixen plantealos doutro modo. Veredes nas tarefas desta quincena que hai aspectos e traballos que van subliñados, teñen data de entrega! A idea é que mos mandedes ao correo electrónico cando os teñades feitos, pode ser antes da data prevista para ver así como estades traballando un pouquiño e intentar darlle unha continuidade ás tarefas do cole. Eses traballos podedes escanealos e mandarmos; ou, para os que non tendes ordenador, e se vos é máis fácil, podedes facelos a man nun folio, facerlle unha foto co móbil e mandarma ao e-mail. Por suposto non dudedes en escribirme sempre que queirades e teñades dúbidas sobre o que estamos facendo.

Moito ánimo a tod@s!!!! Veredes como en nada volvemos a encontrarnos. Bótasevos moito de menos, non o esquezades. Unha aperta moi grande (aínda que sexa virtual) e xa sabedes, a seguir quedando na casa, que nesta situación é o mellor.

Tarefas a realizar ata o 30 de abril

• Ciencias Naturais:

- Comezamos o tema 6 coa lectura das páxinas 92 – 93.
- Copia no teu caderno o debuxo do sistema dixestivo e sinala nel as partes que o compoñen mediante frechas. A continuación fai un resumo do proceso da dixestión.
- Da páxina 93 facer os exercicios 4 e 5.
- Lectura das páxinas 94 e 95. Despois facer o debuxo no caderno do sistema respiratorio indicando con frechas o nome dos elementos que o compoñen. E unha vez feito isto facer a continuación un resumo sobre o proceso da respiración que atoparás na páxina 95.
- Da páxina 94 facer o exercicio 6.
- Lectura das páxinas 96 – 97. Posteriormente debuxar no caderno o corazón e o sistema circulatorio indicando os elementos que o compoñen mediante frechas e utilizando diferentes cores para indicar cando se trata de circulación maior e cando de circulación menor.
- Da páxina 97 facer o exercicio 10.
- Busca información sobre qué son, para qué serven ou cal é a súa función...dos glóbulos vermellos e dos glóbulos brancos e anótao no teu caderno.
- Lectura das páxinas 98 – 99. Facer un debuxo do sistema excretor no caderno e explicar en qué consiste o proceso de excreción e por qué dúas vías se pode dar no noso corpo. Explica cómo se leva a cabo este proceso.
- Da páxina 99 facer os exercicios 13, 14 e 15.

- Da páxina 100 facer o exercicio 18.
- Investiga en qué consiste a chamada “Dieta Mediterránea”, explica e indica por qué é beneficioso seguila.
- Da páxina 102 – 103 facer os exercicios 20, 21, 23, 24 e 25.

• **Ciencias Sociais:**

- Comezamos o tema 8 facendo unha lectura atenta das páxinas 126 e 127. Despois facemos o exercicio 1 desas páxinas.
- Fai un resumo no caderno sobre en qué consistiu a ditadura de Primo de Rivera.
- Lectura das páxinas 128 e 129 e facer o exercicio 6.
- Fai un esquema de chaves no caderno sobre a Segunda República incluíndo as etapas das que consta e a Constitución de 1931.
- Lectura da páxina 130.
- Responde no caderno: Cales eran os bandos existentes na Guerra Civil Española? Que posición ou ideal defendía cada un deses bandos?
- Lectura da páxina 131.
- Lectura das páxinas 132 e 133 sobre a Ditadura franquista.
- Fai un pequeno traballo de investigación (que non supere dous folios por unha cara) sobre a figura do xeneral Francisco Franco. Indica quen foi, porqué chegou a ser un ditador e que aspectos positivos (se os houbo) tivo o tempo da ditadura para España. Este traballo podes facelo ben no ordenador ou ben á man e despois deberás enviarmo ao meu correo (se o fas á man podes facerlle unha foto e mandarma coma un documento adxunto). O prazo para enviar esta tarefa remata o 28 de abril.
- Lectura das páxinas 134 e 135 e fai despois un esquema de chaves sobre o arte e a cultura ata 1975 no caderno.
- Da páxina 136 facer o exercicio 19.
- Da páxina 137 facer os exercicios 21 e 22.

• **Lengua Castellana:**

- Iniciamos o tema 11 coa lectura das páxinas 184 – 185 – 186.
- Lectura da páxina 190.
- Facer da páxina 191 os exercicios 20, 22 e 23.
- Lectura da páxina 192 e facer os exercicios 24, 25, 26 e 27.
- Lectura da páxina 193 e facer os exercicios 28, 29 e 30.
- Lectura da páxina 194 e facer os exercicios 31, 32, 33, 34 e 35.
- Lectura da páxina 195.
- Fai en un folio un cómic no cal as imaxes deben aparecer en plano panorámico, debe ter polo menos seis viñetas que deberán estar numeradas e todas elas deben incluír cartelas e bocadillos de diferentes modelos (para iso revisa a páxina 195). O cómic pode ser de tema libre. Podes escanéalo ou facerlle unha foto co móbil que me deberás mandar ao meu correo antes do día 26 de abril.

- Lectura da páxina 196 e facer o exercicio 38.
- Da páxina 197 facer os exercicios 1 e 2.
- Da páxina 198 facer os exercicios 1, 2 e 3.
- Lectura do tema 12 correspondente ás páxinas 200 - 201 - 202.

* As páxinas 206, 207 e 208 xa as explicaremos á volta na clase polo tanto agora saltámolas*.

- Lectura da páxina 209 e facer os exercicios 29, 30 e 32.
- Lectura da páxina 210 e facer os exercicios 33 (neste caso debemos copiar no caderno todas as palabras que aparecen e arrodear aquelas que sexan correctas segundo o exercicio, é dicir, as que se deberían escribir en cursiva), 34, 35 e 36.
- Lectura da páxina 112 e facer o exercicio 43.
- Da páxina 213 facer o exercicio 1 e da páxina 214 facer os exercicios 3 e 4.

• **Lingua Galega:**

- Lectura do tema 11 correspondente á páxina 160 e lectura da páxina 162.

* As páxinas 163, 164 e 165 que fan referencia a aspectos gramaticales de ámbito sintáctico explicarémolas e farémolas á volta na aula*

- Lectura da páxina 166 e facer os exercicios 19, 20 e 21 (neste caso haberá que copiar e resolver a sopa de letras no caderno).
- Lectura da páxina 167 e facer os exercicios 22 e 23.
- Da páxina 169 facer o exercicio 1 e da páxina 170 facer os exercicios 4 e 5.
- Lectura do tema 12 correspondente ás páxinas 172 - 173 - 174.
- Da páxina 175 facer o exercicio 10 nun folio para entregar onde deberás escribir unha brevíssima biografía de Pablo Picasso (en ningún caso deberá superar as 10 liñas esta biografía) e buscar e explicar a importancia do seu cadro do Guernica (para qué se fixo, cando...). Podes facelo no ordenador ou á man e enviarmo ao correo antes do 30 de abril.

* As páxinas 176 e 177 explicarémolas e farémolas á volta na aula*

- Lectura da páxina 178 e facer os exercicios 16 e 17.
- Lectura da páxina 179 e facer os exercicios 18, 19, 20 e 21.
- Da páxina 180 facer individualmente e no caderno o exercicio 24 da páxina 181.
- Lectura da páxina 182 e facer os exercicios 28 e 29.
- Da páxina 183 facer o exercicio 1 (copiar no caderno o poema e completalo) e da páxina 184 facer os exercicios 3 e 4.

- **Matemáticas:**

- Lectura das páxinas 136 e 137 e facer os exercicios 1, 2, 3 (neste caso agrupar unindo con frechas), 4, 7, 8, 9 e 11.
- Lectura das páxinas 138 e 139 e facer os exercicios 13, 14, 15, 16, 19, 20, 22 e 23.
- Lectura das páxinas 140 e 141 e facer os exercicios 25, 26, 27, 28, 29, 32, 33 e 35.
- Lectura da páxina 142 e facer os exercicios 36, 37, 38 e 39.
- Lectura da páxina 143 e facer o exercicios 43.
- Das páxinas 144 e 145 facer os exercicios 1, 2, 3, 4, 5, 7, 9 (deste facer soamente o apartado a).
- Da páxina 146 facer os exercicios 3 e 6 da parte de repaso.
- Pasamos ao tema 11 e comezamos coa lectura das páxinas 160 e 161. Facemos despois os exercicios 1, 3, 5, 6, 8, 9, 10 e 11 desas páxinas.
- Lectura das páxinas 162 e 163 e facer os exercicios 15, 16, 17, 18, 19 e 20.
- Lectura da páxina 164 e facer os exercicios 22, 23, 24 e 27.
- Lectura da páxina 165 e facer os exercicios 28, 29, 30 e 33 (neste caso facer soamente o apartado A do exercicio).
- Das páxinas 166 - 167 facer os exercicios 1, 2, 3, 4, 6, 7, 12, 13, 16 e 17.

- **Plástica:**

- Reproduce no teu block de debuxo (se o deixaches na clase podes facelo nun folio para entregar debuxando os marcos de 1'5 cm como facíamos sempre) o cadro do Guernica de Picasso. Podes atopar unha imaxe del na páxina 175 do libro de lingua galega. Cando o remates sácalle unha foto e mándamo ao correo antes do 29 abril. Se nesas datas xa estamos no cole podes entregarmo en folio ou no propio block de debuxo na aula.